



Primeira edición en Aíra, primeira impresión, 2021

©Fonso Barreiro (Fon), 2021

Aíra editorial, 2021

©Follas Voadoras, SL

Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo

32660 Allariz

Maquetación: Miguel Mosquera

Impresión: Sgraf

ISBN: 978-84-122631-8-3

Depósito legal: OU 81-2021

Accede á nosa web con este código e  
participa nos sorteos e promocións  
especiais para a comunidade lectora da Aíra.



Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohíbe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, de todo ou dunha parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen autorización.

# Gazafellos



Tirade para o monte, agarrade unhas lanternas e potas para facer ruído e sobre todo, cantade con forza: “GaZafello sae! GaZafello ven!”  
Así atoparedes un GaZafello, ou iso contaba miña avoa.


Para Mauro e Tiago, dous auténticos fedellos.


Para Vane, graziñas por axudarme a darlle cor a esta banda deseñada.


Gazafello sae...! GaZafello ven...!

# Encontro














TRANQUILO FEDE, TAN SÓ É AUGA...TI PODES.

A QUEN QUERO ENGANAR?NON PODO. NOOON!

TEÑO QUE APRENDER A NADAR DUNHA VEZ!!

POR SORTE SON UN GRANDE ESCALADOR, COLLEREINO RÍO ABAIXO.

QUE? UN HUMANO? SEGURO QUE O QUERE COMER, TEÑO QUE FACER ALGO.

OSTRAS!! PERO... ISO QUE É?



TIRA AS POUTAS DO MEU FILLO, HUMANO NOXENTO!



PERO... TI QUE ES?

SILENCIO, HUMANO! SE NON ME DEVOLVES ISO PEGAREICHE A RABIA!



NON POR FAVOR, NON ME MORDAS!

PERO QUE FAS, DESGRACIADO? NON O TIRES!



DÁMO, POR FAVOR, EU NON SEI NADAR, MORRERÁ! POR FAVOR!




GRAZAS, HUMANO. AGORA POREINO A SALVO. RECOMPENSAREITE POR SALVAR O MEU FILLO.

RECOMPENSAR? COMO?



OS GAZAFELLOS DAMOS MOITA SORTE, ADEMAIS TEÑO ALGÚNS PODERES MÁXICOS.

GAZAFELLO?... AO FINAL PARECE QUE ATOPEI UN!




EN CANTO POÑA A SALVO O MEU FILLO IREI CONTIGO Á TÚA CASA, E AXUDAREITE DURANTE ALGÚN TEMPO.

AQUÍ COS SEUS IRMÁNS ESTARÁ A SALVO, SÓ FALTAN CEN ANOS PARA QUE NAZA, SABES?

VAS DEIXALOS SÓS CEN ANOS?, NON FAI FALLA QUE VEÑAS COMIGO. A TÚA FAMILIA NECESÍTATE.

DISO NADA, DÉBOCHE A VIDA DESTE OVO! E NON LLES PASARÁ NADA, XA SERIA CASUALIDADE QUE LLE CAESE OUTRO RAI.



POR CERTO EU SON MAURO, COMO TE CHAMAS? TES UN NOME OU ALGO ASÍ?

FEDE.

NON! DIGO QUE ME CHAMO FEDE!

UMM,... QUE RARO, EU NON CHEIRO NADA.


E QUE FACÍAS SÓ NO BOSQUE, MAURO?

VERÁS SON NOVO NA ALDEA... E SUPONO QUE SE BURLARON DE MIN.

VIVO COS MEUS AVÓS.

AVÓS? ISO QUE É?

SON COMO OS PAIS, PERO MÁIS VELLÓS.



TI NON TES AVÓS?

OS GAZAFELLOS MORREMOS CANDO NACEN OS NÓSOS FILLOS. VIVIMOS SEN PAIS.

TOMA, QUE SORTE! SEGURO QUE NUNCA CHE PUXERON UN CASTIGO.

CASTIGO? QUE É UN CASTIGO?



QUE HORAS SÓN ESTAS DE CHEGAR Á CASA? QUEDAS CASTIGADO SEN CONSOLA TODO O QUE QUEDA DE SEMANA!

ISO É UN CASTIGO!



ADEMAIS, NON É XUSTO. UNS NENOS DEIXÁRONME NO BOSQUE E..

BOAS NOITES, VELLAS CRIATURAS HUMANAS, EU SON FEDE.



O QUE FALABA! OUTRO BECHO MÁIS?


NON SEXAS ROSMÓN, GERARDO. MIRA QUE CURRO É, ENCÁNTAME.

MELLOR, PORQUE DENDE AGORA VOU VIVIR AQUÍ.




ISO SI QUE NON! DESPOIS TEÑO EU QUE SACALO A CAGAR, COMA AO CAN, NÉGOME ROTUNDAMENTE!

XA FALAREMOS MAÑÁ POLA MAÑÁ. ALA, MAURO, A DEITARSE, QUE MAÑÁ TES COLEXIO.



VEÑA, FEDE, AMOSAREICHE O MEU CUARTO.

CUARTO?



MENTRES MAURO E TIAGO ES- TABAN NO COLEXIO AXUDEI A AVOA ROSI, TAMÉN LÍN UN PAR DE CÓMICS DE DRAGÓN BALL E CANDO VOLTARON...

